

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AMES

*Creación da entidade pública empresarial augas de Ames EPEL.*

#### ANUNCIO

#### CREACIÓN DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE AMES EPEL. EXPEDIENTE GD 3266/2023

En sesión plenaria de 11.05.2023 se adoptou acordo de creación da entidade pública empresarial Augas de Ames EPEL. En cumprimento do acordo plenario referido se publica o texto do acordo adoptado, os estatutos aprobados e o inventario de bens adscritos.

#### ACORDO PLENARIO DO 11.05.2023 DO PLENO DO CONCELLO DE AMES DE CREACIÓN

**PUNTO DÉCIMO SEGUNDO. CREACIÓN DA ENTIDADE PUBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE AMES EPEL. EXPEDIENTE GD 3266/2023.**

(.....)

Rematadas as intervencións o Pleno da Corporación por maioría absoluta dos seus membros, cos votos a favor dos/das dos/as 7 concelleiros/as do grupo municipal socialista, dos/as 3 concelleiros/as do grupo municipal BNG, das 2 concelleiras do grupo municipal Contigo Podemos, do concelleiro do grupo mixto, Enrique Costas Bastero, da concelleira non adscrita, Luisa Fejióo Montero; e coa abstención dos/as 6 concelleiros/as do grupo municipal popular, do concelleiro non adscrito, José Ramón Oulego Erroz, adoptou os seguintes acordos:

**Primeiro.** Aprobar a constitución da entidade pública empresarial Augas de Ames EPEL, para a xestión directa do servizo Ciclo Integral da Auga (CIA) do Concello de Ames que comenza a súa actividade tras a correspondente publicación oficial deste acordo e os correspondentes estatutos sen prexuízo da efectiva asunción dos servizos que conforman o Ciclo Integral da Auga cando finalice a actual concesionaria.

**Segundo.** Aprobar os estatutos da entidade pública empresarial Augas de Ames EPEL, elaborados pola consultora PW Advisory & Capital Services SL PWACS RE núm. 9655/2023 do 25.04.2023 e que figuran Anexo I.

**Terceiro.** Adscribir a entidade pública empresarial Augas de Ames EPEL as instalacións e bens que figuran no inventario elaborado pola consultora PW Advisory & Capital Services SL PWACS, R.E nº 9137/2023 do 18.04.2023 que quedarán afectos ó servizo público CIA ca consideración de bens de dominio público e exercerá a entidade Augas de Ames EPEL as competencias para a vixilancia, protección xurídica, defensa, administración, conservación, mantemento e demais actuacións que requira o correcto uso e utilización dos mesmos.

**Cuarto.** Subrogar ao persoal procedente da actual concesionaria cas condicións que figuran no Anexo II deste acordo.

**Quinto.** Clasificar a entidade pública empresarial Augas de Ames EPEL creada para a xestión do servizo Ciclo Integral da Auga (CIA) do Concello de Ames no grupo 2, de conformidade co establecido na Disposición adicional duodécima da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

**Sexto.** Publicar no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, e paxina web municipal o acordo de creación, o texto dos estatutos aprobados e o inventario de instalacións e bens adscritos, a efectos de transparencia.

**Sétimo.** Realizar os trámites precisos para a inscrición no Inventario de Entidades do Sector Público estatal, autonómico e local, da entidade Augas de Ames EPEL, no prazo de 30 días nos términos previstos nos artigos 82 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

**Oitavo.** Ordenar que se de a tramitación legal ou regulamentaria que proceda para a aprobación no seu caso dos textos regulamentarias de prestación do servizo incluída a ordenanza reguladora de prestacións patrimoniais públicas no tributarias do CIA.

**Noveno.** Facultar o alcalde para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor executorio do acordado.

## ESTATUTOS DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE AMES EPEL PARA A XESTIÓN DIRECTA DO SERVIZO PÚBLICO CICLO INTEGRAL DÁ AUGA. EXPEDIENTE GD 3266/2023

### TÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

#### Artigo 1. Denominación e fundamento.

A Entidade Pública Empresarial Augas de Ames EPEL ( en diante Augas de Ames EPEL) configúrase como unha Entidade Pública Empresarial Local do Concello de Ames, constituída para a xestión directa de servizos públicos, ao amparo do disposto no artigo 85.2. A, c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

Augas de Ames EPEL crease en virtude de acordo do pleno do Concello de Ames do 27.04.2023.

#### Artigo 2. Personalidade xurídica, réxime aplicable, adscrición.

Augas de Ames EPEL crease polo pleno do Concello de Ames en exercicio da súa potestade de auto organización, en réxime de descentralización, con personalidade xurídica propia, gozando de plena capacidade xurídica e de obrar, e con autonomía de xestión para o cumprimento dos seus fins.

Augas de Ames EPEL é unha entidade de Dereito Público que se rexe polo Dereito privado, excepto nos seguintes aspectos:

- Regras para a formación da vontade dos seus órganos.
- Regras que rexan o exercicio das potestades administrativas que teña atribuídas.
- Nos aspectos especificamente regulados para este tipo de entidades na Lei 40/2015, do 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común, Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, e o resto das normas de dereito administrativo xeneral e especial que lle sexan de aplicación.

Augas de Ames EPEL atópase adscrita á concellería de Servizos básicos e estará sometida a un control de eficacia por parte desta, conforme dispón o artigo 85 bis.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

#### Artigo 3. Domicilio.

O domicilio de Augas de Ames EPEL é a Casa do Concello de Ames, situada na praza do Concello s/n Bertamiráns Ames.

Este domicilio poderá ser trasladado dentro do propio termino municipal, por acordo do Consello de Administración, que tamén poderá acordar a creación , supresión ou traslado de sucursais, axencias ou delegacións.

#### Artigo 4. Duración

Augas de Ames EPEL constitúese por tempo indefinido, correspondendo ao Concello de Ames a súa sucesión no caso de disolución.

Comezará a súa actividade tras a publicación dos seus estatutos, nos termos da lexislación local que resulte aplicable, sen prexuízo do tempo necesario para facer o traspaso de medios e funcións da actual concesionaria á Augas de Ames EPEL, traspaso que en todo caso deberá finalizar antes do prazo establecido para a finalización da prestación do servizo por parte da actual concesionaria que ten data límite do 30.04.2024 ( acordo de pleno do Concello 29.12.2022).

### TÍTULO SEGUNDO. OBXECTO SOCIAL E POTESTADES DE AUGAS DE AMES EPEL

#### Artigo 5. Obxecto social

O obxecto de Augas de Ames EPEL é a xestión directa dos servizos públicos que conforman o Ciclo Integral da Auga (CIA) do Concello de Ames co fin de garantir que se abasteza a toda a poboación de Ames de auga de alta calidade a prezos aceptables socialmente, reducindo ao mínimo os efectos das augas residuais prexudiciais no medio ambiente.

Tamén será o seu obxecto social a xestión directa dos servizos públicos que conforman o Ciclo Integral da Auga de cantos municipios convenien os servizos con Augas de Ames EPEL, co fin de garantir o abastecemento de auga a tódalas poboacións asinantes do convenio, respecto da lexislación vixente e da Lei de Contratos do Sector Público.

O Ciclo Integral da Auga comprende:

1. A captación, potabilización e abastecemento de auga potable; recolleita, rede de sumidoiros, depuración e vertedura de augas residuais e pluviais ou no seu caso a reutilización das mesmas unha vez depuradas; fabricación, comercialización, tratamento e/ou xestión de residuos, produtos e subproductos que se obteñan da explotación dos servizos públicos; así como a xestión, disposición e valorización dos lodos de depuración, ademais da implementación e xestión integral de procesos de co-dixestión anaerobia de lodos e residuos biometanizables.

2. A realización de todas as actividades accesorias, complementarias e derivadas dos servizos relacionados co CIA, incluída a produción e comercialización de enerxía eléctrica, gas, biogás e outros fluídos de carácter enerxético, derivados do ciclo de aproveitamento da auga; e, en consecuencia, o control e/ou execución de toda clase de actuacións e instalacións referentes aos servizos citados. Na xestión dos devanditos servizos públicos, compréndese a cobranza das tarifas e prezos públicos ou privados que sexan aplicables.

3. Desenvolvemento, promoción e impulso de proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica propios ou en cooperación con profesionais, empresas, organizacións e con universidades e centros de investigación ou outras entidades, co obxectivo de xerar e difundir coñecemento tecnolóxico vinculado ao funcionamento do Servizo do Ciclo Integral da Auga.

4. Prestar servizos ou realizar actividades incluídas dentro do seu obxecto social fora do seu ámbito territorial, mediante fórmulas asociativas ou de colaboración con outros municipios, organismos, corporacións e entidades.

5. Executar os investimentos necesarios para o mantemento, reposición ou ampliación das redes e instalacións que conforman o CIA.

6. Poñer a disposición da cidadanía toda a información relativa á calidade e a xestión da auga de maneira facilmente accesible e comprensible.

#### **Artigo 6. Potestades Administrativas.**

Augas de Ames EPEL gozará das seguintes potestades administrativas, con carácter enunciativo e non limitativo:

a) O outorgamento, xestión, control e retirada de todo tipo de permisos, licenzas, concesións e axudas, nos termos das Ordenanzas municipais vixentes e regulación básica que puidese establecer o Concello de Ames e da propia Entidade, ditada no exercicio das potestades regulamentarias conferidas por aquel.

b) Execución subsidiaria de operacións na rede en defecto de actuación dos obrigados a executalas, cando a súa inactividade puidesen interferir no correcto servizo público.

c) A potestade disciplinaria respecto de o seu persoal propio, salvo a separación definitiva do servizo.

d) A potestade de auto-organización, dentro do marco destes Estatutos e das directrices municipais.

e) A potestade regulamentaria en relación cos servizos públicos que xestiona, sen prexuízo da regulación básica que puidese establecer o Concello, así como a potestade regulamentaria en relación coa organización da entidade, os seus recursos humanos e as condicións laborais dos mesmos, salvo os termos especificados nos propios estatutos.

f) A investigación, deslinde e recuperación de oficio dos bens propios e adscritos.

g) As de presunción de lexitimidade e de executividade, de execución forzosa e de revisión de oficio dos seus actos administrativos.

h) A inembargabilidade das súas bens e dereitos e os de prelación, de preferencia e outras prerrogativas, nos termos establecidos nas leis.

i) A potestade que fose precisa para o exercicio das competencias ás que se refire as funcións do presidente, consello de administración e xerente, recollidas no presente estatuto.

j) A tramitación e resolución das reclamacións de responsabilidade patrimonial que se formulen respecto de a actuación da mesma.

k) Adquirir, conservar, posuír, administrar, dispoñer, allear, permutar e gravar os seus bens.

l) Concertar operacións crediticias, obrigarse, renunciar e transixir bens e dereitos.

m) Promover, opoñerse, seguir e desistir en toda clase de procedementos, exercitar libremente accións e excepcións ante Xulgados e Tribunais de Xustiza, ordinarios e especiais, organismos e dependencias das Administracións Públicas e demais Corporacións e Entidades.

n) Contratar e executar obras, servizos e subministracións.

o) Aceptar herdanzas, legados e doazóns, obter subvencións, auxilios e outras axudas de Entidades Públicas e particulares, e participar noutras Empresas, Sociedades ou Entes de calquera clase.

p) Calquera outra potestade administrativa que a normativa vixente atribuíse especificamente ás entidades públicas empresariais.

As potestades serán exercidas polos órganos da entidade aos que se atribúen nos presentes Estatutos e, en defecto de atribución expresa, ao Consello de Administración.

## TÍTULO TERCEIRO. ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DE AUGAS DE AMES EPEL.

### Artigo 7. Órganos de Goberno e administración.

Os órganos de Goberno e Administración de Augas de Ames EPEL son os seguintes:

- Consello de Administración
- Presidente/a
- Vicepresidente/a
- O/a Xerente

### Artigo 8. Consello de Administración

O Consello de Administración está integrado polo/as conselleiro/as, cuxo número máximo será de doce incluído o presidente/a, tendo a clasificación de entidade do grupo 2, de conformidade coa Disposición adicional duodécima da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Tódolos membros do consello de administración estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades previsto na lexislación aplicable.

O Consello de Administración terá plenas facultades de dirección, xestión e execución da entidade, conforme ás normas estatutarias e aos preceptos da normativa aplicable, sen prexuízo das reservadas ao xerente.

Os/as conselleiros/as serán designados polo Pleno do Concello de Ames con arranxo ao seguinte:

- Dez membros da Corporación, un corresponderá ao titular da Alcaldía que exercerá a presidencia, e os/as nove restantes serán elixidos/as polo pleno en proporción á composición da Corporación.
- Un/unha representante delegado/a de persoal da EPEL.
- Un ou unha representante da cidadanía, proposto/a pola Asemblea de participación cidadá ou da veciñanza do Concello de Ames. Se esta non estivese constituída a proposta corresponderá a unha asemblea de representantes das asociacións veciñais convocada ao efecto, entre as que están inscritas no Rexistro de asociacións veciñais do concello.

O Consello de Administración contará co asesoramento do persoal técnico que sexa preciso e que será retribuído conforme ao artigo 23 dos presentes estatutos.

### Artigo 9. Conselleiros/as do Consello de Administración.

O cargo de conselleiro/a terá unha duración máxima de catro anos e é renunciabile, revogable e reelixible. A elección terá lugar no pleno de organización de cada corporación salvo con ocasión da constitución da EPEL.

O/as conselleiro/as poden ser removidos polo Pleno en calquera momento, cando así resultase procedente e cesarán automaticamente cando perdan a representación ou condición que ostentan.

O Pleno procederá a cubrir as vacantes que poidan producirse no Consello de Administración no prazo non superior a 3 meses.

### Artigo 10. Presidente/a e vicepresidente/a.

O/a presidente/a do Consello de Administración será ou titular da Alcaldía do Concello de Ames ou concelleiro/a en quen delegue.

O titular da presidencia ostentará a representación da entidade Augas de Ames EPEL, a presidencia do Consello de Administración e demais facultades previstas para os presidentes dos órganos colexiados na Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Consello de Administración nomeará vicepresidente/a, cuxa función será a substitución do presidente/a no caso de ausencia ou enfermidade. Terá tamén as funcións que lle delegue expresamente o titular da presidencia.

O presidente/a exercerá as seguintes potestades administrativas:

- a) O outorgamento, xestión, control e retirada de todo tipo de permisos, licenzas, concesións e axudas, nos termos das ordenanzas municipais vixentes e regulación básica que puidese establecer o Concello de Ames e a propia Entidade, ditada no exercicio das potestades regulamentarias conferidas por aquel.
- b) Realizar as actuacións de xestión, liquidación e recadación derivadas da ordenanza municipal da prestación patrimonial de carácter público non tributario dos servizos municipais do ciclo integral da auga, nos termos establecidos nas leis, sen prexuízo das delegacións que procedan na Xerencia.

- c) Execución subsidiaria de operacións na rede en defecto de actuación dos obrigados a executalas, cando a súa inactividade puidesen interferir no correcto servizo público.
- d) A investigación, deslinde e recuperación de oficio dos bens propios e adscritos.
- e) A resolución das reclamacións de responsabilidade patrimonial que se formulen respecto de a actuación da Augas de Ames EPEL cuxa contía sexa de 10.001 euros a 30.000 euros IVE incluído.
- f) Adxudicar contratos e comprometer gastos por ata 200.000 euros IVE incluído.
- g) As de presunción de lexitimidade e de executividade, de execución forzosa e de revisión de oficio dos seus actos administrativos.

**Artigo 11. O/a xerente.**

O Consello de Administración, a proposta do/a presidente/a, nomeará e cesará ao xerente, quen terá a consideración de órgano directivo, asimilado a alto cargo. O seu nomeamento será polo tempo e co réxime retributivo que acorde o Consello de Administración.

O nomeamento do/a xerente recaerá en funcionario/a de carreira ou laboral das Administracións públicas ou profesional do sector privado, titulados superiores en ambos os casos, e con máis de cinco anos de exercicio profesional no segundo.

En caso de ausencia ou enfermidade do/a xerente, as súas funcións poderá desenvolverlas un membro do Consello de Administración, por acordo deste.

**Artigo 12. Potestades do/a xerente.**

O/a xerente é un órgano executivo ao que corresponden as funcións de xestión, administración e dirección propias da xerencia e a través do cal se fan efectivos os acordos do Consello de Administración.

Serán funcións do/a xerente as seguintes:

- a) Executar e facer cumprir os acordos do Consello de Administración
- b) Dirixir, supervisar e inspeccionar os servizos que conforman o obxecto da entidade Augas de Ames EPEL.
- c) Representar administrativamente á entidade Augas de Ames EPEL.
- d) Adxudicar contratos e comprometer gastos ata 40.000 euros IVE incluído.
- e) A resolución das reclamacións de responsabilidade patrimonial que se formulen respecto de a actuación da Augas de Ames EPEL de contía ata 10.000 euros IVE incluído ou de contía indeterminada.
- f) Ordenar todos os pagos que teñan consignación expresa, abrir, seguir e cancelar contas correntes ou á vista, mancomunadamente coa Presidencia.
- g) Asistir ás sesións do consello de Administración con voz e sen voto.
- h) Controlar as operacións de ingresos e gastos, preparar os orzamentos, contas, balances e inventarios e dirixir a contabilidade e formular as contas anuais.
- i) Exercer a xefatura ordinaria dos establecementos e de todo o persoal adscrito á entidade.
- j) Informar o consello e á concellería á que se encontra adscrita a EPE do estado da xestión dos servizos, da situación económica e das previsións que nun ou outro sentido haxan de terse en conta.
- k) Ordenar a elaboración de propostas de regulamentos ou normas de funcionamento e réxime interior da entidade.
- l) Confeccionar bases de actuación, plans e programas de actividades e cantas iniciativas contribúan ao mellor cumprimento dos fins da entidade.
- m) En caso urgente ou perigo inminente de dano grave ou irreparable para o servizo público, poderá levar a cabo, baixo a súa responsabilidade, os actos que fosen necesarios dando conta inmediatamente ao Presidente e ao Consello de Administración na primeira reunión, que este celebre.
- n) Exercicio de accións xudiciais ou administrativas no ámbito da súa competencia.
- o) As demais que o Consello de Administración confíralle a cuxo efecto poderá outorgarlle poderes de factor mercantil co contido e prazo que se acorde.
- p) Potestade disciplinaria sobre o persoal propio da EPEL, salvo a separación definitiva do servizo respecto de a cal lle corresponderá a elevación de proposta ao Consello de Administración, para a súa remisión definitiva ao órgano municipal competente.

**Artigo 13. Secretaría do Consello de Administración.**

O Consello de Administración nomeará como secretario/a ao secretario/a xeral da Concello de Ames ou funcionario/a en quen delegue sempre que para o seu ingreso se esixise titulación superior.

O secretario/a exercerá as funcións de fe pública e asesoramento legal dos órganos unipersoais e colexiados da entidade e demais facultades previstas para os secretarios dos órganos colexiados na Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Consello de Administración celebrará sesión ordinaria polo menos unha vez ao semestre e extraordinaria sempre que o convoque o Presidente ou o soliciten polo menos un terzo dos membros do Consello.

As sesións quedarán validamente constituídas ca presenza do presidente/a, secretario/a e a metade dos seus membros ( seis membros). O lugar de celebración será na sede de Augas de Ames EPEL.

As convocatorias asinadas polo secretario de orde do Presidente deberán conter a orde do día, e a súa convocatoria será sempre electrónica.

A convocatoria realizarase con dous días hábiles de antelación, salvo cando se trate de sesións extraordinarias ou urxentes que non quedan suxeitas a prazo algún.

**Artigo 14. Réxime de adopción dos acordos do Consello de Administración.**

Os acordos do consello adoptaranse por maioría simple dos votos dos conselleiros/as concorrentes á sesión, decidindo os empates o/a presidente/a con voto de calidade e serán inmediatamente executivos.

**Artigo 15. Potestades do Consello de Administración.**

O Consello de Administración, como órgano encargado do goberno e da dirección superior do servizo, determina as liñas xerais de actuación, e ostenta as seguintes atribucións e potestades:

1. Aprobar as normas de réxime interior e os regulamentos de funcionamento dos diferentes servizos e establecementos de cuxa xestión estea encargada a entidade.

2. Utilizar os bens e dereitos adscritos á entidade pública empresarial local e dispoñer as obras necesarias para a súa ampliación, mellora, conservación, entretemento e reparación. Solicitar préstamos e créditos, cumprindo os requisitos establecidos pola normativa vixente e coa autorización do Concello de Ames.

3. Realizar gastos ata o límite de 400.000 euros (IVE incluído)

4. Outorgar representacións e delegacións para labores propios do réxime e administración dos servizos encomendados.

5. Aprobar e remitir ao Concello de Ames, antes do 1 de setembro, o estado de previsións de gastos e ingresos, e os programas anuais de actuación, investimentos e financiamento para o exercicio seguinte.

6. Propoñer ao Concello de Ames a aprobación da Masa Salarial. Formar as plantillas de persoal con fixación dos haberes e demais condicións de emprego, sen prexuízo do disposto no art 85 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

7. Despedir ao persoal laboral da EPEL

8. Exercitar as accións xurídicas necesarias para a defensa dos bens, dereitos, intereses e atribucións a que houberse lugar en materias da súa competencia.

9. Formar, manter e remitir anualmente á concellería á que estea adscrito o inventario dos bens e dereitos ao dispor da \*entidade pública empresarial e dos adquiridos por este.

10. Aprobar calquera traslado de domicilio dentro do propio municipio no que se refire á sede física da entidade pública empresarial.

11. Nomear e cesar ao xerente.

12. Aprobar as bases de actuación, plans, programas e proxectos para o desenvolvemento das súas actividades.

13. Creación de órganos complementarios dentro da entidade pública empresarial para a realización de estudos, informes ou outras funcións.

14. Determinación dos recursos humanos que se destinarán a cada competencia.

15. Elevar proposta ao Concello de Ames sobre modificación dos Estatutos da EPEL.

16. A resolución das reclamacións de responsabilidade patrimonial que se formulen respecto de a actuación da Entidade Pública Empresarial Augas de Ames cuxa contía sexa superior a 30.000 euros

17. Exercerá as potestades administrativas a que se refire o artigo 6 dos presentes estatutos, en defecto de atribución expresa a outros Órganos.

Todas as competencias se exercerán con respecto ás facultades de intervención establecidas nestes estatutos e na lexislación vixente.

#### **TÍTULO CUARTO. PATRIMONIO, RÉXIME ECONÓMICO E RÉXIME DE CONTRATACIÓN DE AUGAS DE AMES EPEL.**

##### **Artigo 16. Recursos económicos de Augas de Ames EPEL.**

Os recursos económicos de Augas de Ames EPEL son os seguintes:

- Os ingresos ordinarios e extraordinarios que como consecuencia do cumprimento da súa misión xérense. Financiaranse maioritariamente con ingresos de mercado.

Enténdese que se financian maioritariamente con ingresos de mercado cando teñan a consideración de produtor de mercado de conformidade co Sistema Europeo de Contas

- Os bens e dereitos qu constitúen o seu patrimonio.
- As rendas e produtos que xeren os bens e alores que constitúen o patrimonio da entidade.
- As subvencións ou achegas voluntarias de entidades e institucións públicas ou privadas, así como de particulares. Os créditos, préstamos e demais operacións financeiras que concerta.
- Calquera outro recurso se serlle atribuído.

Os ingresos que se obteñan destinaranse a cubrir os gastos totais da entidade, incluíndo os de conservación do patrimonio, pago dos medios materiais e persoais, investimentos, intereses e amortizacións.

A xestión e administración das súas bens e dereitos propios, así como daqueles do patrimonio da administración que se lles adscriban para o cumprimento dos seus fins, será exercida de acordo co previsto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.

##### **Artigo 17. Orzamento e contabilidade.**

###### **a) Orzamento.**

Augas de Ames EPEL elaborará anualmente os seus orzamentos estimativos de explotación e de capital, que detallasen os recursos e dotacións previstos, co contido e forma que estableza en cada momento a normativa en materia de réxime local.

Os orzamentos de explotación e de capital estarán constituídos por unha previsión da conta de resultados e do estado de fluxos de efectivo do correspondente exercicio. Como anexo aos devanditos orzamentos acompañarase unha previsión do balance da entidade, así como a documentación complementaria que determine o Concello, entre a que estará, necesariamente, o persoal co detalle das retribucións previstas.

A entidade remitirá os estados financeiros sinalados no apartado anterior referidos, ademais da o exercicio relativo ao proxecto de Orzamento Xeral do Concello, á liquidación do último exercicio pechado e ao avance da liquidación do exercicio corrente.

###### **b) Programa de actuación plurianual (PAP).**

A entidade formulará anualmente un programa de actuación plurianual que estará integrado polos estados financeiros determinados no artigo anterior e, xunto coa documentación indicada no apartado seguinte, reflectirá os datos económico-financeiros previstos para o exercicio relativo ao proxecto de Orzamento Xeral do Concello e aos dous exercicios inmediatamente seguintes, segundo as liñas estratéxicas e obxectivos definidos para a entidade.

O programa de actuación plurianual acompañarase da información de carácter complementario seguinte:

- Hipótese da evolución dos principais indicadores macroeconómicos que servisen de base para a elaboración dos programas de actuación plurianual.
- Premisas principais da formulación que conforme as liñas estratéxicas da entidade.
- Previsións plurianuais dos obxectivos para alcanzar.
- Memoria das principais actuacións da entidade.
- Programa de investimentos.
- Plan financeiro do período que cuantificará os recursos e as fontes externas de financiamento.
- A restante documentación que determine o Pleno da Corporación.

c) Modificacións orzamentarias.

As modificacións orzamentarias de explotación e capital axustaranse ao seguinte procedemento:

- Se a variación afectase as achegas municipais recollidas nos Orzamentos, a competencia corresponderá á autoridade que a tivese atribuída respecto de os correspondentes créditos orzamentarios.
- Se as variacións afectasen o volume de endebedamento a longo prazo será competencia do Pleno do Concello, previo informe da intervención municipal.
- Nos demais casos, a competencia corresponderalle ao Presidente, dando conta ao Consello na seguinte sesión de mesmo que se celebre.

Augas de Ames EPEL dirixirá o seu funcionamento a consecuencia dos obxectivos recollidos nos seus orzamentos de explotación e de capital e nos seus programas de actuación plurianual.

d) Réxime orzamentario e de contabilidade.

A Augas de Ames EPEL aplicaráselle o réxime orzamentario, económico financeiro, de contabilidade e de control establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeneral Orzamentaria para as entidades públicas empresariais, sen prexuízo de que, a criterio da Intervención municipal, pódase esixir que, onda a contabilidade financeira, implantar a contabilidade analítica ou de custos.

As contas anuais serán sometidas ao Consello de Administración para a súa posterior aprobación polo pleno Concello.

A súa rendición efectuarase polo Consello de Administración da entidade dentro dos prazos e termos establecidos pola normativa reguladora das Facendas Locais.

e) Réxime de Control.

Augas de Ames EPEL deberá achegar á Intervención do Concello de Ames toda a documentación precisa para o cumprimento da Orde HAP 2105/2012 do 1 de outubro, por la que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostenibilidade Financeira. A Intervención municipal pode ditar instrucións precisas a fin de facer efectivo o cumprimento destas obrigas.

Baixo a supervisión da Intervención Municipal, Augas de Ames EPEL está suxeita a auditoría de contas, cos seguintes obxectivos:

Auditoría financeira: ao obxecto de comprobar se as contas ofrecen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da sociedade ou entidade, así como a concordancia do informe de xestión coas contas anuais do exercicio.

Auditoría de cumprimento, a fin de comprobar:

- Cumprimento do orzamento e programas anuais e análises de desviacións
- Adecuación dos gastos aos fins estatutarios do organismo
- Adecuación dos gastos e ingresos aos orzamentos e programas de actuación
- Adecuación das retribucións e contratación de persoal á limitación establecida pola Lei de Orzamentos Xerais para o ano en curso. E cumprimento dos principios de publicidade e concorrência e procedemento de contratación establecidos polo Estatuto Básico do Empregado Público.
- Adecuación da contratación de obras, servizos e subministracións e contratación en xeral, incluída o alleamento e aproveitamento do patrimonio á normativa vixente.

**Artigo 18. Patrimonio de Augas de Ames EPEL.**

Augas de Ames EPEL terá, para o cumprimento dos seus fins, un patrimonio propio, formado polo conxunto de bens, dereitos e obrigacións que sexan da súa titularidade, sen prexuízo do patrimonio adscrito, para a súa administración, proveniente do Concello de Ames ou de outras entidades públicas.

Augas de Ames EPEL destinará permanentemente os bens que lle adscriba o Concello de Ames e outras entidades públicas ao fin que motivou a adscripción, e na forma e coas condicións que se estableceron nos acordos que poderán ser obxecto de modificación polos órganos competentes. Estes bens adscritos terán a condición de demaniais.

Augas de Ames EPEL exercerá as competencias para a vixilancia, a protección xurídica, a defensa, a administración, conservación e mantemento e demais actuacións que requiran o correcto uso e utilización dos mesmos.

Os bens propios son os que adquira directamente a entidade pública empresarial por calquera dos modos previstos polo ordenamento xurídico. Terán o carácter de demaniais, salvo que a entidade pública empresarial os destine a unha actividade distinta ao servizo público que é da súa competencia.



A xestión e administración dos seus bens e dereitos propios, así como daqueles do Patrimonio da Administración que se lle adscriban para o cumprimento dos seus fins, será exercida de acordo co previsto na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

Augas de Ames EPEL formará e manterá actualizado o seu inventario de bens e dereitos, tanto propios como adscritos, con excepción dos de carácter funxible. O inventario deberá, actualizarse anualmente con referencia ao 31 de decembro de cada ano e remitirse á concellería á que estea adscrita.

No caso de disolución, os activos remanentes tras o pago das obrigacións pendentes, incorporaranse ao patrimonio do Concello de Ames.

#### **Artigo 19. Contratación.**

Os contratos que celebre Augas de Ames EPEL rexeranse pola lexislación vixente en materia de contratación administrativa.

#### **Artigo 20. Persoal de Augas de Ames EPEL.**

Para o cumprimento dos seus fins Augas de Ames EPEL disporá do seguinte persoal:

- A) Persoal propio ao seu servizo.
- B) Persoal do Concello de Ames que preste asistencia á Augas de Ames EPEL ( Interventor/a municipal; secretario/a municipal; tesoureiro/a municipal; 1 técnico/a municipal con vinculación ao departamento de obras e servizos; o/a xefe do servizo municipal de contratación.

O persoal propio ao servizo de Augas de Ames EPEL rexerase, no seu réxime xurídico e na súa contratación, polas normas do Dereito laboral, conforme ao establecido no artigo 106 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O persoal propio ao servizo de Augas de Ames EPEL de nova incorporación e que non proceda de subrogación será seleccionado mediante convocatorias públicas que, en todo caso, respectarán os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade, concorrencia e transparencia ca excepción do xerente que será elixido na forma propia dos postos directivos.

O persoal municipal adscrito á Augas de Ames EPEL rexerase polo establecido no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro e demais disposicións normativas que resulten de aplicación á Función Pública Local.

#### **TÍTULO QUINTO. RÉXIME DE IMPUGNACIÓN.**

##### **Artigo 21. Réxime de impugnación.**

Os actos e acordos do Consello de Administración, do/a presidente/a do Consello de Administración e do/a Xerente no exercicio das súas potestades administrativas, son inmediatamente executivos e poñen fin a vía administrativa sen que precisen ratificación do Concello de Ames, cas excepcións legalmente previstas.

Contra ditos actos e acordos poderá interpoñerse, con carácter previo ao recurso contencioso- administrativo, o recurso potestativo de reposición nos termos e prazos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os actos en materia económica serán recorribles segundo o seu réxime específico de impugnación.

Corresponderá á xurisdición ordinaria o coñecemento e resolución dos recursos xudiciais en relación coa actividade xeral.

#### **TÍTULO SEXTO. CONTROL DO CONCELLO.**

##### **Artigo 22. Facultades de tutela.**

O Concello de Ames conservará de oficio as facultades de constitución, organización, modificación e supresión da entidade cando o estime conveniente, quedando diferidas ao coñecemento dos Tribunais da Xurisdición Contencioso-Administrativa as cuestións que se susciten con motivo do exercicio destas facultades.

A función tuitiva da entidade é exercida polo Concello de Ames, quen a realiza mediante os órganos competentes.

As facultades tutelares comprenden:

- a) Aprobar o estado de previsión de gastos e ingresos anual da entidade. Aprobar as operacións de préstamo e crédito.
- b) Aprobar as operacións de préstamo e crédito a longo prazo.
- c) Controis en materia de persoal establecidos no art.85 bis.1.e) da Lei de Bases de Réxime Local
- d) Autorizar a celebración de contratos de contía superior ás cantidades fixadas polos estatutos.
- e) Aprobar e modificar estes estatutos.

- f) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.
- g) Calquera outro suposto previsto nestes estatutos, e explícita ou implicitamente pola normativa aplicable na materia, en especial para a xestión compartida co Concello de servizos comúns que determine unha maior eficiencia do \*servizo público.

O Concello, en casos extraordinarios, mediante acordo plenario motivado poderá administrar directamente a Entidade Pública Empresarial por medio dos seus funcionarios, en réxime temporal de tutela cando se rexistren causas que pola súa gravidade motivasen esta actuación. O réxime excepcional de administración directa manterase unicamente polo tempo estritamente necesario para regularizar a situación, e cesará cando desaparezan as causas que o motivaron.

#### **TÍTULO SÉTIMO. INDEMNIZACIÓNS E RETRIBUCIÓNS.**

##### **Artigo 23. Réxime de indemnizacións dos membros do Consello de Administración**

Os membros do Consello de Administración, o persoal asesor, e quen exerza a Secretaría, pola súa asistencia as sesións do Consello, percibirán as indemnizacións que fixe en cada momento o Consello de Administración con cargo aos orzamentos de Augas de Ames EPEL.

##### **Artigo 24. Retribucións do persoal municipal que preste servizos en Augas de Ames EPEL**

O persoal municipal que preste servizos de Secretaría, Intervención, Tesourería ou realice funcións de asistencia ou apoio á Augas de Ames EPEL será retribuído nos teminos que acorde o pleno do Concello de Ames, previo o tramite legalmente previsto.

Todas estas retribucións actualizaranse anualmente en función da evolución da porcentaxe de incremento salarial do persoal ao servizo das administracións públicas.

En todo caso, serán de aplicación á Augas de Ames EPEL as disposicións das Leis de Orzamentos Xenerais do Estado polas que se establezan límites ao incremento retributivo, á incorporación de persoal de novo ingreso e á contratación temporal.

#### **TÍTULO OITAVO. MODIFICACIÓN E DISOLUCIÓN.**

##### **Artigo 25. Modificación.**

A modificación dos Estatutos é competencia do pleno do Concello de Ames e se axustará aos trámites previstos na lexislación vixente en cada momento.

A iniciativa para modificación do estatutos corresponderá o Pleno do Concello de Ames ou ao Consello de Administración.

##### **Artigo 26. Disolución.**

A disolución de Augas de Ames EPEL, terá lugar:

- 1) Por acordo do Pleno do Concello de Ames.
- 2) Por disposición legal ou resolución firme de autoridade ou Tribunal competente.
- 3) Por cumprimento ou realización total do obxecto para o que se constitúe.
- 4) Por imposibilidade material de aplicar os medios adecuados á consecución dos seus fins.

Producida a disolución o Concello de Ames decidirá expresamente sobre a situación do persoal e do seu patrimonio.

#### **TÍTULO NOVENO . DISPOSICIÓNS COMPLEMENTARIAS.**

##### **Artigo 27. Lexislación supletoria.**

Augas de Ames EPEL rexerese polos presentes Estatutos e, no non previsto nos mesmos, supletoriamente, polo Regulamento Orgánico de Municipal do Concello de Ames, pola lexislación de réxime local, de procedemento administrativo e réxime xurídico que estea vixente en cada momento.

##### **Artigo 28. Entrada en vigor.**

Os presentes Estatutos, unha vez aprobados definitivamente polo pleno do Concello de Ames, entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, sen prexuízo da súa publicación no Portal de Transparencia municipal a efectos de xeral coñecemento.

LISTADO DE BENS A ADSCRIBIR Á ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE AMES EPEL,  
CAPTACIONES

Captaciones		
Unidad	Descripción	Características
<b>Captación Río Tambre</b>		
3	Bombas extracción agua bruta	46 kW/ud
<b>Captación Castiñeiro do Lobo</b>		
5	Pozos verticales	
1	Conducción agua bruta	100 mm
1	Conducción agua bruta	PVC 200 mm
<b>Captación Río Roxos</b>		
1	Conducción agua bruta	PVC 250 mm
1	Conducción agua bruta	PVC 160 mm
1	Reja gruesos	

ETAP AMES-BRIÓN

ETAP Ames-Brión		
Unidad	Descripción	Características
1	Conducción de agua captada	DN 500 mm
1	Cámara de mezcla rápida 1 agitador 1,5 kW, 1 motor y 1 reductor	Actualmente fuera de servicio
1	Cámara de agitación lenta para coagulación-floculación 4 agitadores, 4 motores (0,37 kW/ud) y 4 reductores	
2	Decantador lamelar	
1	Depósito de almacenamiento de agua decantada	309 m3
3	Grupos motobomba agua decantada a filtración	30 kW - 309,2 m3/h
6	Filtros multicapa	
1	Instalación de aire comprimido 2 compresores (4 kW y 8,4 l/s por unidad) y 1 secador	
2	Grupos motobomba lavado de filtros	5,5 kW - 146,7 m3/h
1	Depósito de recogida agua lavado de filtros	212 m3
2	Bombas recuperación agua lavado de filtros	1,9 kW - 123 m3/h
1	Sistema preparación y dosificación reactivos 1 floculador, 1 tornillo sinfín y 2 agitadores	
1	Instalación APQ almacenamiento y dosificación reactivos 3 depósitos (10.000 l - 12.000 l - 15.000 l), 9 bombas dosificadoras, 2 bombas pre-oxidación, 2 bombas desinfección y 1 agitador	Sistema de pre-oxidación fuera de servicio
1	Depósito de homogeneización con 2 agitadores	
2	Bombas trasvase fangos a espesador	18,1 l/s por unidad
1	Espesador fangos	35.000 l
2	Bombas recirculación fangos a cámaras de floculación	158 m3/h
2	Bombas trasvase fangos espesados a centrífuga	
1	Sistema deshidratación de fangos Depósito 500 l, 2 bombas dosificados 140 l/h/ud, 1 caudalímetro, 1 centrífuga 3,0 Kg/dm3 y 4.400 r.p.m., 1 motor y reductor tornillo sinfín	Fuera de servicio
1	Cuadros generales de Baja Tensión	
1	Centro de transformación	
1	Depósito de almacenamiento de agua tratada	7.300 m3
1	Equipos de medición en continuo	
5	Grupos motobomba impulsión agua tratada	315 kW - 319 m3/h
1	Calderín antiarriete	25 bar - 10.000 l
1	Grupo de presión 2 grupos motobomba (4 kW y 17 m3h) y 1 calderín	
1	Bombeo recirculación agua tratada	3 kW - 248,3 m3/h
1	Cuadros eléctricos depósito agua tratada	
1	Puente-grúa	
1	Polipasto	3,5 kW
1	Calentador	1,5 kW - 100 l
1	Remolque generador con gancho	
1	Grupo electrógeno	46/50 kWA

## DEPÓSITOS DE ALMACENAMIENTO Y DISTRIBUCIÓN

Depósitos de almacenamiento de agua potable		
Unidad	Descripción	Características
1	Depósito de Agrón "Ames-Brión"	10.000 m3 Propiedad de los Concellos de Ames y Brión
1	Sistema de reclaración "Ames-Brión"	Propiedad de los Concellos de Ames y Brión
	Depósito reactivos y 2 bombas dosificadoras 13 l/h	
1	Depósito de Castiñeiro do Lobo	382 m3
1	Sistema de dosificación reactivos	
	Depósito 500 l y bomba dosificadora 2,9 l/h	
1	Depósito de Aldea Nova	1.000 m3
1	Sistema de dosificación reactivos	
	Depósito 1.000 l y 2 bombas dosificadoras	
1	Grupo de presión Bosque Animado	2 bombas 5,5 kW
1	Grupo de presión Castiñeiro do Lobo	3 bombas 5,5 kW
1	Grupo de presión Aldea Nova	3 bombas
1	Depósito de Bosque Animado	100 m3
1	Depósito Milladoiro	1.000 m3
1	Depósito Milladoiro	1.500 m3
1	Sistema dosificación reactivos	
	Depósito 500 l y bomba dosificadora	
1	Cuadros eléctricos depósitos	
4	Caudalímetros	DN 200

## RED DE ABASTECIMIENTO

Red de abastecimiento (en alta y baja)		
Unidad	Descripción	Características
24	Km de tuberías de fundición dúctil	DN 160 a 600 mm
17	Km de tuberías de PE	DN 32 a 125 mm
116	Km de tuberías de PVC	DN 40 a 250 mm
39,5	Km de tuberías de otros materiales	
25	Reductoras de presión	
944	Válvulas de seccionamiento	
1	EBAP Milladoiro (aceleradoras)	
	2 bombas centrífugas (253 m3/h), 2 arrancadores, 3 válvulas motorizadas y 1 cuadro eléctrico	
1	EBAP Milladoiro	Fuera de servicio
	2 grupos moto-bombas, 2 válvulas motorizadas y 2 baterías de condensadores	
1	EBAP Quistiláns	
	1 filtro cerrado, 1 aljibe, 2 bombas de impulsión (100 m3/h y 86 kW), 2 válvulas motorizadas, 1 bomba lavado filtro 8,66 kW, 1 sistema dosificación reactivos (bomba dosificadora 4 l/h y depósito reactivos) y 1 cuadro eléctrico y CT	
7	Estaciones remotas (sistema de telecontrol)	
3	Contadores sectoriales	

**RED DE SANEAMIENTO**

Red de saneamiento (alcantarillado y pluviales)		
Unidad	Descripción	Características
0,6	Km de tuberías de fibrocemento	DN 250 y 300 mm
31	Km de tuberías de hormigón	DN 200 a 800 mm
248	Km de tuberías de PVC	DN 90 a 600 mm
8	Km de tuberías de PE	DN 63 a 160 mm
15	Km de tuberías de otros materiales	
4.949	Pozos	
309	Arquetas	
1752	Sumideros	
25	Estaciones de bombeo de aguas residuales (EBAR)	
3	Fosas sépticas	
23	Estaciones remotas (sistema de telecontrol)	

**ESTACIONES DEPURADORAS DE AGUAS RESIDUALES****EDAR Bertamiráns**

EDAR Bertamiráns		
Unidad	Descripción	Características
1	Desbaste de gruesos 1 reja de alivio, 1 cuchara bivalva (1,5 kW), 1 reja automática (2 kW), 1 tornillo sinfín (1,5 kW), 1 polipasto eléctrico (1,6 kW)	
1	Bombeo elevación agua bruta a pretratamiento 4 bombas (6,7 kW - 6 kW - 9/11,4 kW - 9,9 kW), 1 agitador (1,5 kW) y 1 caudalímetro DN 300	
1	Reja automática de finos y 1 puente grúa	
1	Puente grúa	
1	Sistema desarenado-desengrasado 1 bomba aspiración arenas, 2 soplantes, 1 tornillo arenas y 1 desengrasador	
1	Reactor biológico tipo carrusel 1 acelerador de corriente y 2 soplantes	
1	Decantador secundario con puente	
3	Bombas recirculación fangos a decantador	
2	Bombas recirculación sobrenadantes a decantador	
1	Espesador de lodos	
2	Bombas sobrenadantes	
1	Sistema deshidratación de fangos 1 centrífuga (7 kW), 1 tornillo transportador fangos deshidratados, 1 motor rascafango, 2 bombas de fangos a centrífuga, 1 equipo preparador polielectrolito y 2 bombas dosificadoras reactivos	
1	Caudalímetro recirculación	DN 200 mm
1	Caudalímetro fangos a deshidratación	DN 100 mm
1	Cuadros eléctricos	
1	Batería de condensadores	

## EDAR Polígono Industrial de Milladoiro

EDAR Polígono Industrial de Milladoiro		
Unidad	Descripción	Características
1	Bombeo de entrada agua bruta a pretratamiento	2 bombas 7 kW/ud
1	Rototamiz	0,55/0,63 kW
1	Prensa residuos	Fuera de servicio
1	Grupo de presión	
1	Tanque de homogeneización	
1	Sistema de tratamiento físico-químico 1 tanque de floculación, 2 agitadores, 1 tanque de flotación y 1 bomba agua a DAC	
1	Sistema de tratamiento secundario 1 tanque de aireación, 1 soplante y 1 tanque clarificación	
1	Tanque espesador de fangos	
1	Sensor nivel de lodos y nivel ultrasonidos	
1	Bomba impulsión lodos a depósito	
1	Bomba impulsión lodos a deshidratador	
1	Mezclador cónico	
1	Sistema de seguridad deshidratación	
1	Depósito PRFV almacenamiento fangos extraídos desde flotador primario	
1	Sistema deshidratación de fangos 1 agitador (0,09 kW), 1 sensor de nivel de lodos, 1 sonda nivel ultrasonidos, 1 bomba lodos a depósito (1,10 kW), 1 bomba lodos a deshidratador, 1 mezclador cónico, 1 sistema seguridad deshidratación	
1	Instalación APQ almacenamiento y dosificación reactivos 2 agitadores (0,37 kW/ud), 2 bombas dosificadoras a floculación (54 l/h), 2 bombas dosificadoras a secado (54 l/h), 2 bombas dosificadoras a secado (0,09 l/h), 1 bomba dosificadora antiespumante y 1 rotámetro	
1	Compresor	ATLAS COPCO
2	Calderín	
1	Cuadros eléctricos	
1	Autómata y SCADA	SCHENIDER

## EDAR Agrón

EDAR Agrón		
Unidad	Descripción	Características
1	Reja de gruesos	
1	Bombeo agua bruta	2 bombas - 1,9 kW/ud
1	Rototamiz de finos	
1	Desarenador-desengrasador	
3	Biodiscos (reactor biológico)	
1	Filtro lamelar	
3	Cámaras de decantación	
2	Bombas extracción de fangos	
1	Bomba recirculación	
1	Calderín	
1	Cuadro eléctrico	

**EDAR Ameixenda**

EDAR Ameixenda		
Unidad	Descripción	Características
1	Bombeo de agua bruta	2 bombas - 1,3 kW/ud
1	Tamiz de finos	
1	Canal de aireación	
	1 acelerador, 1 aireador, 1 sonda pH y 1 sonda oxígeno	
1	Decantador	
1	Bomba recirculación	1,6 kW y 72,5 m3/h
1	Bomba fangos en exceso	
1	Sistema de almacenamiento y dosificación de reactivos	
	2 depósitos de reactivos (300 l/ud), 1 agitador y 2 bombas dosificadoras (17 kW y 0,74 l/h por unidad)	
1	Cuadro eléctrico y regulador de energía reactiva	

Ames, 6 de xuño de 2023

O alcalde en funcións

José Blas García Piñeiro

2023/4514